

## **PERMISO POR PARTO, ADOPCIÓN, GARDA CON FINS DE ADOPCIÓN OU ACOLLEMENTO NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA GALEGA**

**NAI BIOLÓXICA, PERSOA  
ADOPTANTE/ ACOLLEDORA  
OU PERSOA TRANS  
XESTANTE:**

**22 SEMANAS**

**6 SEMANAS** obrigatorias tras o parto, adopción ou acollemento

**14 SEMANAS** antes dos 12 meses

**2 SEMANAS** antes dos 8 anos

**OUTRA PERSOA  
PROXENITORA DIFERENTE  
DA NAI BIOLÓXICA OU  
PERSOA TRANS XESTANTE:**

**19 SEMANAS**

**6 SEMANAS** obrigatorias tras o parto, adopción ou acollemento

**11 SEMANAS** antes dos 12 meses

**2 SEMANAS** antes dos 8 anos

**FAMILIAS  
MONOMARENTAIS/  
MONOPARENTAIS:**

**32 SEMANAS**

**6 SEMANAS** obrigatorias tras o parto, adopción ou acollemento

**22 SEMANAS** antes dos 12 meses

**4 SEMANAS** antes dos 8 anos

No caso de crianza con discapacidade aumentarase unha semana máis para cada persoa proxenitora, dúas en caso de monomarentalidade/parentalidade.

No caso de parto prematuro ou hospitalización do neonato a continuación do parto, ampliarase en tantos días como dure a hospitalización ate un máximo de 13 semanas adicionais.

No caso de parto, adopción ou acollemento múltiple, unha semana máis para cada persoa proxenitora por cada crianza a partir da segunda. Se é familia monomarental/parental serán 2 semanas máis por crianza.

No caso de adopción ou acollemento cando existen dúas persoas proxenitoras e que ambas traballen para a Administración Pública Galega, unha delas terá 22 semanas e a outra 19.

### **COMO SE GOZA O PERMISO?**



- As **6 primeiras semanas** son sempre **a xornada completa**
- O resto das semanas **poden gozarse a xornada parcial**, previo acordo coa administración con 15 DÍAS DE PREAVISO